





MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XIX CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2017

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**
ata completar a capacidade do local

Domingo, 22 de outubro

Concerto:

Carolina Landriscini

(violonchelo)

Javier Estebarán

(piano)

**Domingo,
5 de novembro**

Concerto:

Juancho Almarza

(violonchelo)

PROGRAMA

**Prayer, Supplication,
Jewish song**

3 Pezas xudías

**E. Bloch
(1880-1959)**

Sonata nº1

*I. Prologue
II. Serenade
et Finale*

**C. Debussy
(1862-1918)**

Viento y silencio

C. Díez (1958-)

**Sonata nº3 op. 69
en La maior**

*I. Allegro
ma non tanto
II. Scherzo.
Allegro molto
III. Adagio cantabile
IV. Allegro vivace*

**L. V. Beethoven
(1770-1827)**

Le Grand Tango

**A. Piazzolla
(1921-1992)**

CAROLINA LANDRISCINI, violonchelo Profesora de violonchelo no Conservatorio Superior de Música da Coruña, é convidada regularmente a impartir Masterclasses na ESMAE do Porto, a Facultade de Música da Universidade de Ostrava, a Academia de Música de Cracovia, Conservatorio Santa Cecilia de Roma, Curso de verán do Festival Internacional de Música de Vitoria, Festival Presjovem 2015 (Córdoba), Curso de Música de Carrión de los Condes, Fagamos música en Miranda de Ebro, Curso de Verán Soncello, etc. Doutorada pola Universidade da Coruña cunha tese sobre David Popper, estudou cos profesores Jacques Doué e Xavier Gagnepain en Francia e posteriormente con Janos Starker na Universidade de Indiana, Estados Unidos. Titulada Superior de Violonchelo e Música de Cámara, foi bolseira pola Deputación de Guipúscoa e por Mocidades Musicais de Madrid, e en 1995 gañou a Bolsa Nicanor Zabaleta. Galardoadada no Concurso de Corda Xullo Cardona de Portugal, participou en Festivais Internacionais de Música como Lies Arcs e Pablo Casals en Prades, Lenk, Academia Chigiana de Siena, Manchester, Kronberg, etc. No campo da música de cámara e como solista realizou concertos en España (Quincena Musical de San Sebastián, Sociedade Filarmónica de Bilbao, Martes Musicais de Vitoria, Sociedade Filarmónica da Coruña, Círculo Musical de Lugo, etc.), Francia, Suíza, Portugal, Grecia, Estados Unidos, Polonia e Italia. En 2010 interpretou a integral de sonatas para violonchelo e piano de Beethoven na Fundación Euterpe de León. Como integrante dun dúo de violonchelos realizou unha xira por Arxentina e no Festival de Música de Segovia, Fundación Juan March, Centro Conde Duque de Madrid, etc. Actuou con diferentes orquestras como a Orquestra Sinfónica de Castela e León, OSG, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra de Euskadi, Orquestra de Bilbao, e en 2002 realiza unha xira por Australia con Ensemble Orchestral de Basse Normandie. É membro de Sonatas á Italiana, grupo de música antiga co que actuou en festivais en Galicia e Cataluña, gozando do privilexio de tocar un violonchelo G.B. Grancino de 1697. É a presidenta da Asociación de Violonchelistas de Galicia e lidera Soncello Ensemble, conxunto de violonchelos que gravou recentemente o seu primeiro CD ■

JAVIER ESTEBARÁN, piano Obtén os títulos superiores de profesor nas especialidades de Música de Cámara e de Piano, cos profesores Rafael Marzo e Guillermo González e continúa os seus estudos musicais durante seis anos en París, onde recibe a formación pianística da man de grandes mestres como Jeaninne Bonjean, Germaine Mounier, Genevieve Ibanez e Hortense Cartier- Bresson, obtendo o Diploma Superior de piano na Ecole Normale de Musique de París, o Primeiro Premio do grao superior de música de cámara e o Primeiro Premio con unanimidade do grao superior de piano no Conservatorio Nacional de Boulogne-Billancourt. No ano 1997 gana o primeiro premio do IV Concurso Internacional de Piano Cidade de San Sebastián. Con motivo do 30 aniversario do irmandamento das cidades de Toledo e Nara, foi convidado para realizar un concerto en Xapón; e esta invitación volveu repetir con motivo do 35 aniversario, realizando o concerto nesta ocasión na Universidade de Nara, nun piano Yamaha de principios do século XX, o exemplar máis antigo en condicións de uso a nivel mundial. Colaborou coa Orquestra Nacional de España, actuando no Auditorio Nacional de Madrid, e actuou para o programa Clásicos Populares de RNE. Na actualidade é profesor de piano no Conservatorio de Música de Alcázar de San Juan- Campo de Criptana ■



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

Atribuído ao taller
Willem Van Herp I
Aquiles descuberto
por Ulises
Segunda metade S.VII



XIX CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2017

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

ata completar a capacidade do local

Domingo,
22 de outubro

Concerto:
Carolina Landriscini
(violonchelo)
Javier Estebarán
(piano)

Domingo, 5 de novembro

Concerto:
Juancho Almarza
(violonchelo)

PROGRAMA

Suite en Re maior

BWV 1012

(1720 ca.)

Prelude
Allemande
Courante
Sarabande
Gavotte
Gigue

J. S. Bach
(1685-1750)

Ciaccona,
Intermezzo e
Adagio (1945)
L. Dallapiccola
(1904-1975)

Suite en Re menor
(1920)

Preludio-Fantasia
Sardana
Danza-Finale

G. Cassadó
(1897-1966)

Ao redor de Cassadó... recital de violonchelo ao redor da figura de Gaspar Cassadó no 50 aniversario do seu falecemento

Un dos máis brillantes artistas españois do século XX, a pesar de ser eclipsado pola sombra do seu mestre, do que foi alumno predilecto. Virtuoso do seu instrumento aclamado no mundo enteiro; compositor de gran calidade, alumno de Ravel e amigo e inspirador dos principais compositores do seu tempo. Intérprete minucioso e detallista, cuxa concepción de Bach lévalle á consulta esmerada e atenta das fontes orixinais. Preséntanse tres obras fundamentais: A Sexta Suite para violonchelo de Bach interpretada nun violonchelo piccolo de 5 cordas construído en 1953 polo famoso luthier Ignacio Freta (Barcelona) por encargo de Cassadó. Ciaccona, Intermezzo e Adagio, obra composta por Luigi Dallapiccola para Cassadó en 1945. Finalmente, a Suite en re menor do propio Cassadó (1920), obra fundamental no repertorio de calquera violonchelista e perfecta síntese da música española cos aires modernistas de principios do século XX.

JUANCHO ALMARZA Alumno de violoncelo de Elías Arizcuren e María de Macedo en Madrid e de Marçal Cervera en Barcelona. Amplía a súa formación en España e outros países con mestres como Janos Starker, Thomas e Patrick Demenga, Arto Noras, Florian Kitt... É licenciado en Historia e Ciencias da Música. Desenvolve o seu labor docente no Conservatorio Profesional de Música da Coruña. Ampla experiencia orquestral como membro da Orquestra Sinfónica de Castela e León e colaborador habitual doutras como a Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Madrid... Activo músico de cámara en agrupacións diversas e en recital, actuou en salas como o Auditorio Nacional de Música de Madrid, Fundación Juan March, Fundación Euterpe, Fundación Botín, Auditorio Conde Duque... Participa en festivais como Prades, Lenk (Suíza), Segovia, Sierra Musical en Madrid... No campo da música contemporánea non soamente aborda o repertorio consagrado (Britten, Lutoslavsky, Ginastera,...) senón que estrea obras de autores como Agustín G. Acilu, Angel Oliver, Rogelio Groba, Francisco Lara e outros moitos, en ocasións desenvolvendo un estreito traballo de colaboración cos compositores. Convidado a centros especializados como o Museo de Arte Contemporánea da Coruña ou o Ciclo de música Contemporánea da Universidade de Valladolid ■ Recibe a invitación do Instituto Cervantes (Atenas, Bordeus) e o Ministerio de AAEE (Dirección Cultural en Arxentina) para un ciclo de concertos de difusión de Música Actual Española. Fundador do Ensemble Belle Epoque na Coruña, especializado en repertorio francés e centroeuropeo do terzo central do século XX. Entre os seus rexistros de música actual, destaca a súa participación na gravación da obra camerística dos compositores Martín Zálba (2003) e Fernando V. Arias (2014-15). Outorga gran importancia á difusión do repertorio do seu instrumento e á súa presentación didáctica. Os seus recentes recitais titulados "Violonchelo e o século XX" incluíron a primeira interpretación dalgunhas obras no noroeste español e tiveron unha gran aceptación en foros como o Encontro de Violonchelos de Mieres (Asturias). Recentemente foi convidado o Festival Internacional de Violonchelo en Poboja (Méjico). ■



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

Atribuído ao taller
Willem Van Herp I
Aquiles descuberto
por Ulises
Segunda metade S.VII

